
OSOS

Historia de RUTH KRAUSS

Ilustracións de MAURICE SENDAK

Tradución de XOSÉ BALLESTEROS

Encadernado en cartón. 22,5 x 19 cm. 32 páx. 13 €

-100 TÍTULOS PARA LER E COMPARTIR (Biblioteca Pública de Nova York)
-SCHOOL LIBRARY JOURNAL BEST BOOK

Osos (galego)

ISBN 978-84-8464-895-6. Tras os montes

Osos (castelán)

ISBN 978-84-8464-894-9. Libros para soñar

Ossets (catalán)

ISBN 978-84-8464-896-3. Kalandraka

Hartzak (éuscaro)

ISBN 978-84-7681-859-6. Kalandraka-Pamiela

Ursos (portugués)

ISBN 978-989-749-033-0. Livros para sonhar


Publicada orixinalmente en 1948 con imaxes de Phyllis Rowand, Ruth Krauss creou unha breve e divertida historia con moi poucas palabras e onomatopeas. En 2005 volveuse editar con ilustracións de Maurice Sendak, que converteu os seus osos nunha manda de animais brincadeiros, protagonizando unha trepidante comedia canda un neno vestido cun traxe de lobo, como o Max de “Onde viven os monstros”.

Coma noutras obras de Sendak, todo comeza á hora de durmir cando, nun ataque de ciumes, un cadelo arrebátalle ao rapaz o seu oso de peluche. Na súa fuxida, é perseguido por un fato de enormes osos, que lle van saíndo ao encontro en lugares e situacións tan atípicas como sorprendentes, ata un inesperado final. A tradución conserva a feitura rimada do texto primitivo.

Entre os anos 50 e 60, Ruth Krauss e Maurice Sendak innovaron o xénero do álbum ilustrado, con propostas tan novidosas daquela como “A hole is to dig” ou “A very special house”. Ruth Krauss era unha escritora recoñecida, con libros pequenos, asequibles e enxeñosos. Podía converter un xogo de palabras nunha investigación filosófica de causa-efecto, mantendo o equilibrio. Artista do *nonsense*, as súas obras dábanlle voz ao público infantil sen parecer estoxadizas. Sendak e mais ela formaron un fecundo tándem creativo, elaborando historias con imaxes de liñas áxiles e acuarelas expresivas. Inspiráronse e medraron mutuamente a nivel literario e artístico: como acontece coa arte revolucionaria, os seus libros chegan aos nosos días con toda a súa frescura.

www. **Kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com



■ **Temática:** xogo.

■ **Idade recomendada:** a partir de 3 anos.

■ **Aspectos destacables:** onomatopeas, texto rimado; humor, *nonsense*; homenaxe a “Onde viven os monstros”; do autor e ilustrador de “Onde viven os monstros” e “Na cociña de noite”.

Ruth Krauss

(Maryland, Baltimore, 1901 - Connecticut, 1993)

Graduouse na Escola de Deseño Parson. Durante os anos 40 formou parte do Laboratorio de Escritores do Bank Street College of Education, en Nova York. Foi autora de máis de 30 libros infantís, moitos deles ilustrados polo seu marido, Crockett Johnson. En oito títulos da súa autoría as ilustracións son de Maurice Sendak.

Maurice Sendak

(Brooklyn, Nova York, 1928 - Connecticut, 2012)

Dende 1951 produciu máis de 90 libros infantís, unha traxectoria que o levou a recibir en 1970 o Premio Andersen e o Premio Laura Ingalls Wilder en 1983. En 1996 o Goberno dos Estados Unidos entregoulle a Medalla Nacional das Artes e en 2003 concedéronlle o Premio Internacional Astrid Lindgren de Literatura Infantil, xunto coa autora austríaca Christine Nöstlinger. Estudou pintura e debuxo no Art Students League de Nova York. Conseguiu o seu primeiro emprego como ilustrador para All America Comics e en 1951 comezou a traballar como ilustrador para a editorial Harper and Brothers. Impulsou unha auténtica revolución no panorama literario infantil polas ideas, a forma e o contido dos seus libros. A crítica especializada calificáballo como “un dos homes máis influíntes dos Estados Unidos, porque darlle forma á fantasía de millóns de nenos é unha terrible responsabilidade”.

